

DOCUMENTACIÓN SOLICITADA PARA A COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA ANALIZAR E AVALIAR A EVOLUCIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA DA ANTIGAS CAIXAS DE AFORRO E AS CAUSAS E RESPONSABILIDADES DA SÚA ACTUAL SITUACIÓN

(NOTA: En **AZUL** figura a documentación incorporada á proposta inicial do Grupo Popular)

A.- POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA

1. Documentación contable das caixas de aforros galegas, tanto de carácter público como reservado, da actividade financeira dende 2004 ate a súa conversión en banco, **incluídas as auditorías contables anuais (PP+PSOE+BNG)**.
2. Documentación relativa á actividade da Obra Social das caixas de aforros galegas dende 2004 ate a última liquidación aprobada, **incluídos os acordos das asembleas xerais (PP+AGE)**.
3. Entorno normativo **legal** vixente relativo ás entidades de crédito españolas, na medida en que afecte á evolución, ós procesos de fusión e de recapitalización das caixas de aforros galegas, **tanto autonómico como estatal (PP+PSOE)**.
4. Información emanada do FROB que tivera relevancia na evolución de NCG Banco.
5. Toda a documentación relativa ás emisións de participacións preferentes polas caixas de aforros galegas obrante na Consellería de Facenda, **incluídos folletos de emisión e autorizacións administrativas, así como o procedemento de arbitraje posto en marcha: medios, solicitantes e laudos (PP+PSOE+BNG)**.
6. Documentación relativa ás probas de resistencia realizadas ás caixas de aforros galegas no 2010, 2011 e 2012.

7. Documentación relativa ó proceso material de fusión das caixas de aforros galegas:
 - Plan de Integración
 - Protocolo de Integración.
8. Informe realizado pola auditora KPMG avaliando a potencial fusión.
9. Os demais informes técnicos doutras auditoras, relacionados co proceso de fusión, que estean en posesión da Consellería de Facenda, [así como os elaborados pola propia consellería \(PP+PSOE\)](#).
10. Información recibida do Banco de España referente ó proceso de fusión.
11. Información emanada da Comisión Europea relativa ó proceso de integración
12. Plan de recapitalización presentado por Novacaixagalicia para cumprir as esixencias do RDL 2/2011.
13. MOU (Memorandum of Understanding)
14. Toda a información relativa ás indemnizacións percibidas polos exdirectivos das caixas de aforros galegas en posesión da Consellería de Facenda, [incluídas as actuacións para evitar novos pagamentos \(PP+BNG\)](#).
15. [Copia dos recursos presentados pola Xunta relativos á normativa aprobada con incidencia no proceso de fusión das caixas ou da valoración realizada no seu momento \(PSOE +BNG\)](#)
16. [Información da participación de Novacaixagalicia en entidades e empresas de fins sociais \(BNG\)](#).
17. Outra información obrante na Consellería de Facenda, relacionada coa fusión, que poida ser de interese, [incluídos os informes, expedientes e comunicacións de departamentos da Xunta en relación ó obxecto da Comisión de](#)

Investigación, e a documentación sobre preferentes e subordinadas trasladados dende a Xunta de Galicia a órganos relacionados coa Xustiza (PP+PSOE+BNG).

B.- POR PARTE DE NCG BANCO

1. Copia das actas das asembleas xerais dende 2004 (PSOE +AGE)
2. Copia das actas dos consellos de administración onde se aprobasen as emisións de participacións preferentes ou débeda subordinada ou indemnizacións a ex directivos (PSOE +BNG)
3. Relación de persoal directivo que, dende 2004, cobraron calquera tipo de indemnización no momento do abandono das entidades obxecto da Comisión, con expresión individualizada da súa contía e xustificación, incluídos os dereitos en materia de Previsións Social (PSOE+BNG)
4. Retribucións totais percibidas polos membros dos órganos de goberno e dos equipos directivos das entidades obxecto da Comisión dende 2004, incluída no seu caso calquera clase de indemnización (PSOE)
5. Créditos, préstamos e vendas outorgados a membros dos seus órganos de goberno e vinculados realizadas dende 2004 (PSOE +BNG)
6. Relación de membros nos consellos de administración das sociedades participadas polas entidades obxecto da Comisión dende 2004, indicando a contía das súas retribucións por tales funcións (PSOE)

7. Instrucións ou circulares internas en relación á comercialización de participacións preferentes e débeda subordinada (PSOE)
8. Existencia de algún tipo de incentivo en relación coa comercialización de preferentes ou subordinadas (PSOE)
9. Medidas internas adoptadas para evitar no futuro a comercialización de participacións preferentes (BNG)
10. Contratos de garantía de liquidez da emisión de débeda subordinada (BNG)
11. Documento do contrato coa auditora encargada da avaliación das arbitraxes, así como os criterios de selección desta empresa auditora e criterios que aplica esta (PSOE).
12. Documentación sobre o traspaso de activos de Novacaixagalicia a NCG Banco (BNG)
13. Documentación relativa ó proceso de lección das persoas que formaron parte dos órganos de goberno de Caixa Galicia, Caixanova e Novacaixagalicia dende o ano 2004 (BNG)
14. Documentación relativa aos desinvestimentos en empresas participadas e enaxenacións patrimoniais: beneficiarios, criterios de selección e fixación de prezo dos activos (BNG)
15. Plan de reestruturación e recapitalización presentado pola dirección de NCG Banco á Comisión Europea (BNG)
16. Información da participación de NCG Banco en entidades e empresas de fins sociais (BNG).

C.- POR PARTE DO BANCO DE ESPAÑA

1. Balances reservados de NCG Banco (BNG)

2. Copia dos informes ou comunicacións entre Caixa Galicia e Caixanova co Banco de España en relación coa evolución destas, incluídos os informes de valoración das entidades (PSOE +BNG)
3. Relación de persoal directivo que, dende 2004, cobraron calquera tipo de indemnización no momento do abandono das entidades obxecto da Comisión, con expresión individualizada da súa contía e xustificación, incluídos os dereitos en materia de Previsións Social (PSOE+BNG)
4. Copia das autorizacións en relación coa comercialización de preferentes e subordinadas (PSOE)
5. Informes realizados polos inspectores do Banco de España dende 2004 sobre a situación das entidades devanditas (BNG)
6. Auditorías nas que se valora o valor patrimonial de Novacaixagalicia para determinar a súa participación en Novagalicia Banco e o propio valor patrimonial desta entidade (PSOE+BNG)

D.- POR PARTE DA CNMV

1. Copia das autorizacións dos órganos competentes en relación á comercialización de preferentes e subordinadas (PSOE).

E.- POR PARTE DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

1. Informes sobre a situación procesal das diversas causas xudiciais existentes en relación co obxecto da Comisión (PSOE).

F.- ASOCIACIÓN DE INSPECTORES DE ENTIDADES DE CRÉDITO

1. Copia do informe da Asociación de Inspectores de Entidades de Crédito do Banco de España, alertando da excesiva comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas (PSOE).

G.- SERVIZO DE DOCUMENTACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. Antecedentes parlamentarios relacionados, tanto a nivel autonómico como en relación ás Cortes Xerais, incluíndo as comparecencias na Subcomisión no Congreso dos Deputados das persoas comparecentes relacionadas co obxecto da Comisión (PSOE).

H.- COMISIÓN EUROPEA DA COMPETENCIA

1. Plan de reestructuración e recapitalización presentado pola Dirección de NCG Banco SA ante esa Comisión (BNG)